

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONSELLO GALEGO DOS PROCURADORES DOS TRIBUNAIS, PARA A COLABORACIÓN EN MATERIA DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO CIVIL E MERCANTIL NO ANO 2021.

Santiago de Compostela , 22 de novembro de 2021

REUNIDOS

D. **Alfonso Rueda Valenzuela**, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. **Fernando González-Concheiro Álvarez**, presidente do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, actuando no seu nome e representación, de acordo co artigo 2.1, dos estatutos do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, aprobados polo Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba a creación do Consello Galego de Procuradores.

EXPOÑEN:

I. A Lei 5/2012, do 6 de xullo (BOE do 7 de xullo), regula a mediación en asuntos civís e mercantís incorporando ao Dereito español a Directiva 2008/52/CE (DOUE do 24 de maio de 2008), que aprobou para o ámbito europeo o establecemento da mediación como medida para a resolución de asuntos civís e mercantís, de entre outros incluídos na denominada "ADR" (*Alternative Dispute Resolution*). Así mesmo o Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, desenvolve determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Unha das funcións esenciais do Estado de dereito é a garantía da tutela xudicial dos dereitos dos cidadáns. Esta función implica o reto da implantación dunha Xustiza de calidade capaz de resolver os diversos conflitos que xorden nunha sociedade moderna e, á vez, complexa.

Neste contexto, dende a década dos anos setenta do pasado século veuse recorrendo a novos sistemas alternativos de resolución de conflitos, entre os que destaca a mediación, que foi cobrando unha importancia crecente como instrumento complementario da Administración de xustiza.

O obxectivo de asegurar un mellor acceso á Xustiza como parte da política da Unión Europea encamiñada a establecer un espazo de liberdade, seguridade e xustiza debe abranguer o acceso a métodos tanto xudiciais coma extraxudiciais de resolución de litixios.

Neste ámbito , con data 4 de outubro de 2021 asinouse un Convenio cuxa finalidade é establecer o marco de colaboración a desenvolver entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para o impulso, promoción e divulgación da mediación e outras formas pacíficas de resolución de conflitos como fórmula alternativa e complementaria ao proceso xudicial

II. Entre as vantaxes da mediación cómpre destacar a súa capacidade para dar solucións prácticas, efectivas e rendibles a determinados conflitos entre partes, o que a configura como unha alternativa ao proceso xudicial ou á vía arbitral, dos que se debe deslindar con claridade. A mediación está construída arredor da intervención dun profesional neutral que facilita a resolución do conflito polas propias partes dunha forma equitativa, permitindo o mantemento das relacións subxacentes e conservando o control sobre o final do conflito.

A mediación pode proporcionar unha solución extraxudicial económica e rápida a conflitos en asuntos civís e mercantís, mediante procedementos adaptados ás necesidades das partes. É máis probable que os acordos resultantes da mediación se cumpran voluntariamente, e tamén que se manteña unha relación amigable e viable entre as partes. Estes beneficios son aínda máis perceptibles en asuntos que teñan carácter transfronteirizo.

III. O Consello Galego de Procuradores dos Tribunais é unha corporación de dereito público integrada polos colexios de procuradores da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo (Decreto 248/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba a creación do Consello Galego de Procuradores, DOG do 19 de outubro). Correspóndelle ao seu presidente, entre outras funcións, exercer a representación do Consello, estando asignado o exercicio de cantos dereitos e funcións lle atribúan o seu estatuto e as relacións cos poderes públicos, entidades, corporacións e persoas xurídicas ou naturais de calquera orde, sempre que se trate de materias de carácter xeral para a profesión, dentro do ámbito do Consello e sexan da competencia dos organismos autonómicos.

A Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación de asuntos civís e mercantís, no seu artigo 5.1 dispón que poderán ser institucións de mediación as entidades públicas ou privadas, españolas ou estranxeiras, e as corporacións de dereito público que teñan entre os seus fins o impulso da mediación. Ao abeiro da devandita norma, tendo en conta que o Consello Galego ten natureza dunha corporación de dereito público, e conscientes da importancia e transcendencia da mediación como medio extraxudicial de resolución de conflitos, está no ánimo dos seus conselleiros constituír o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais en institución mediadora, e para tal fin na sesión de data do 10 de xaneiro do 2014 aprobouse a modificación

do apartado cuarto do artigo 5 do Decreto 248/2000 para incluír entre as súas finalidades e funcións a arbitraje e o fomento da mediación.

IV. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que en relación coa Administración de xustiza, exceptuada a militar, lle corresponde á Comunidade exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado.

V. O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais é consciente da importancia do fomento da mediación como método de resolución de conflitos, e como corporación de dereito público que ten entre as súas finalidades e fins o impulso da mediación, iniciou unha serie de actuacións co obxectivo de promover a cultura da mediación, de conformidade coas liñas de actuación marcadas polo Consello Xeral de Procuradores de España nesta materia, que xiran sobre dous piares básicos: o primeiro deles é a formación do colectivo de procuradores galegos, polo que a través da Escola de Formación Continua para Procuradores, que se encadra dentro do convenio marco suscrito entre as tres universidades galegas e o Consello, se garante tanto a formación inicial coma a formación permanente dos profesionais; o segundo é a creación do servizo de mediación do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, a través do cal se asumirán as funcións de mediación previstas na lei.

VI. O modelo de mediación baséase na voluntariedade e libre decisión das partes e na intervención dun mediador, do que se pretende unha intervención activa orientada á solución da controversia polas propias partes. O réxime baséase na flexibilidade e no respecto á autonomía da vontade das partes, favorecendo esta alternativa fronte á solución xudicial do conflito. É aquí onde se encontra, precisamente, un dos eixes da mediación, que é a deslegalización ou perda do papel central da lei en beneficio dun principio dispositivo que rexe tamén nas relacións que son obxecto do conflito.

A figura do mediador é a peza esencial do modelo, posto que é quen axuda a atopar unha solución dialogada e voluntariamente querida polas partes.

Tense presente o papel, moi relevante neste contexto, dos servizos e institucións de mediación, que desempeñan unha tarefa fundamental á hora de ordenar e fomentar os procedementos de mediación.

De acordo coas manifestacións anteriores, as partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria, e sen prexuízo da normativa autonómica que se elabore en materia de mediación civil e mercantil,

ACORDAN:

PRIMEIRO.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer un marco estable e permanente de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, co fin de potenciar e consolidar a mediación como modalidade alternativa de solución de conflitos no ámbito empresarial cuxa xurisdición corresponda aos xulgados do mercantil e civil no ámbito da Comunidade galega.

Para estes efectos, enténdese por mediación aquel medio de solución de controversias, calquera que sexa a súa denominación, no cal dúas ou máis partes intentan voluntariamente alcanzar por si mesmas un acordo coa intervención dun mediador.

O mediador, de acordo coa súa conformación natural, é quen axuda a encontrar unha solución dialogada e voluntariamente querida polas partes, e non pode ter funcións decisorias, pero si de xestión do procedemento.

SEGUNDO.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, e o dito persoal non terá relación laboral coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
2. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
3. Poñer á disposición da autoridade xudicial, cando así sexa solicitado por esta, información relativa aos posibles destinatarios do uso.
4. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

TERCEIRO.- ACTUACIÓNS OU COMPROMISOS DAS PARTES.

A. Do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais

Servizo de mediación do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais:

A mediación que realizará o Consello Galego de Procuradores dos Tribunais comprenderá os servizos de mediación intraxudicial e extraxudicial, en materia civil e mercantil.

O servizo de mediación intraxudicial entenderá daqueles asuntos que se encontren inmersos na vía xurisdiccional, ofrecendo unha alternativa a esta para as partes.

O servizo de mediación extraxudicial entenderá de todos os demais asuntos que non se encontren no apartado anterior.

O servizo de mediación do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais ofrecerá o persoal cualificado para a prestación do servizo de mediación intraxudicial e extraxudicial.

O servizo de mediación intraxudicial será gratuíto para os usuarios. O servizo de mediación intraxudicial requirirá a anuencia da Administración de xustiza, que prestará o seu consentimento a través da/s autoridade/s competente/s.

Os mediadores do Servizo de Mediación do Consello Galego de Procuradores Tribunais que presten seus servizos poderán obter unha certificación oficial da súa participación en cada asunto que lles reportará o prestixio de ser colaboradores cos Tribunais de Xustiza.

O servizo de mediación extraxudicial será gratuíto para aqueles usuarios que nun procedemento xudicial estarían en condicións de ser beneficiarios de asistencia xurídica gratuíta. Para os usuarios non comprendidos no apartado anterior estableceranse de común acordo as tarifas do prezo do servizo. O servizo de mediación extraxudicial non terá custo ningún para a Administración, sen prexuízo dos futuros convenios que poidan chegar a subscribirse ou de que a mediación sexa incluída entre as prestacións do artigo 6 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. O mediador recibirá a retribución que corresponda con cargo ás tarifas establecidas.

A prestación do servizo público de mediación é compatible coa actividade privada do servizo de mediación do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais.

O servizo de mediación do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais realizará un seguimento dos asuntos que tivesen entrada. Neste sentido, e especialmente:



- Para unha mellora da calidade do servizo, os usuarios avaliarano a través dun cuestionario no cal se incluírán indicadores que axuden a valorar os diversos aspectos do servizo.
- Os mediadores confeccionarán as estatísticas das mediacións co fin de obter datos e porcentaxes sobre os resultados obtidos nos procedementos derivados ou extraxudiciais, facendo constar indicadores das materias, se se produciu ou non aceptación da mediación, se houbo ou non acordo en mediación ou posteriormente, se se abandonou ou non a mediación, etc.
- Os mediadores remitirán semestralmente ao Consello Xeral do Poder Xudicial as fichas de control estatístico das operacións de mediación realizadas.

Formación:

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais organizará cursos formativos para os efectos de acreditar a formación específica que permita exercer a mediación no ámbito de aplicación deste protocolo, dirixidos a aqueles colexiados que non achegasen a documentación acreditativa da dita formación no momento de entrar a formar parte do servizo de mediación como mediadores, en virtude do disposto no artigo 11.2 da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, e, se for caso, do establecido no seu desenvolvemento regulamentario.

Estes cursos proporcionaranlles aos mediadores os necesarios coñecementos xurídicos, psicolóxicos, de técnicas de comunicación, de resolución de conflitos, de negociación e de ética da mediación, tanto a nivel teórico coma práctico.

Os mediadores axustarán a súa actuación ao disposto na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, así como ao establecido no Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da lei, adheriranse ao Código de conduta europea e subscribirán o compromiso de confidencialidade e mais o seguro de responsabilidade civil.

B. Da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo comprométese a lle aboar ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais os gastos que deriven da execución deste programa de mediación no ámbito civil e mercantil, coas seguintes tarifas:

- Aboarase ata 30 € cada hora dos mediadores, ata un máximo de 150 € por mediación que se teña concluída. No caso de que unha mediación se limite só á primeira sesión informativa, por ter sido rexeitada polas partes, ou por outra causa, abonaráselle ao mediador intervinente ata un máximo de 45 €. A estas cantidades engadiráselle o IVE que sexa de aplicación en cada caso.
- Para estes efectos, xunto coa documentación que o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais acheguen para a xustificación da execución do convenio, presentarán

tamén un informe detallado onde se recollan todas as mediacións realizadas, especificando o órgano xudicial, o procedemento, o nome do mediador ou mediadores que interviñeron na mediación, os beneficiarios e o número de horas de traballo que se xustifican (ata un máximo de cinco horas por mediación).

- O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais poderá xustificar como gastos xerais para a execución do convenio (gastos de divulgación, material funxible e consumibles, equipamento para o servizo de mediación e outros gastos de análoga natureza), con cargo á execución do convenio, ata un máximo do 3.000 €.

O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en **VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000,00 euros)** para o ano 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0, co seguinte desglose:

- Ata un máximo de 22.000 € para o aboamento das mediación efectivamente realizadas de acordo co establecido anteriormente.
- Ata un máximo de 3.000 € para o aboamento ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais como gastos xerais para a execución deste convenio.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo fará o pagamento ao Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais unha vez que presenten a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e mais do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas –tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución– para o mesmo proxecto ás administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, así como aos entes privados.
- Declaración responsable de se achar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Calquera outra documentación ou material que o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais consideren necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O prazo límite para presentar a devandita documentación xustificativa fíxase no 30 de novembro de 2021.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación considerarase incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, de ser o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.
- c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

CUARTO.- ASUNTOS SUSCEPTIBLES DE REMITIR CARA Á MEDIACIÓN.

Os asuntos susceptibles de ser derivados á mediación a que se refire este convenio serán todos aqueles da xurisdición mercantil e civil no ámbito da Comunidade galega.

As partes asinantes e as que no futuro se poidan adherir a este convenio impulsarán a mediación civil e mercantil, e ofrecerán o dito instrumento de solución alternativa de conflitos ás partes en litixio nos procedementos sometidos ao coñecemento dos xulgados de Galicia con competencia en materia civil e mercantil de conformidade co regulado na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará dende a celebración da primeira xuntanza cos mediadores unha vez aceptada a mediación, sen prexuízo da posibilidade de prórroga tras pedimento dos mediadores, e de forma xustificada, por un mes máis. Excepcionalmente poderase establecer unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente, e sen que en ningún caso se superen os tres meses de duración.

Principios esenciais do proceso de mediación.

- **Voluntariedade.**- Respetarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade.**- A información que se utilice no procedemento de mediación permanecerá reservada, e unicamente se informará sobre a consecución ou non dun acordo. No caso de que a mediación non continúe por desistir algunha das partes, unicamente se informará ao xuíz deste feito, que carecerá de toda incidencia no axuízamento posterior. En

todo caso o mediador está obrigado a informar ao xuíz e mais ao Ministerio Fiscal de calquera feito delituoso.

- **Igualdade das partes.**- Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos.**- O acordo total ou parcial acadado, se for o caso, no proceso de mediación seralle comunicado ao xulgado polo mediador, que lles entregará ás partes o acordo de mediación (total ou parcial) e acreditará este punto ao xulgado para efectos de constancia e respectando o principio de confidencialidade, retomándose o proceso cos efectos que correspondan para efectos da súa homologación.

- E os demais establecidos no título II da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

QUINTO. INCOMPATIBILIDADES.

Serán motivos de incompatibilidade que obrigarán a renunciar á realización da mediación, alén dos legalmente previstos, os seguintes:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, ou cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- b) Ter intervido profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.
- c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación, ou unha manifesta vinculación –directa ou indirecta– económica, laboral ou doutro tipo que poida comprometer a súa independencia profesional.
- d) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

SEXTO. COMPROMISOS DOS MEDIADORES.

En calquera caso cumprirase, en canto aos requisitos que terán que observar o mediador, o disposto no Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

Así mesmo, o mediador comprométese a:

- a) Realizar os cursos e seminarios de formación que para este efecto sexan convocados polo Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais.
- b) Aceptar as encargas de mediación entre as partes nun proceso, non sendo que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos
- c) Cumprir os prazos establecidos no convenio en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.

- d) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- e) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediador.
- f) Enviar ao Consello Xeral do Poder Xudicial, con carácter semestral, a ficha de recollida de datos solicitada por este.

SÉTIMO. BAIXA DO MEDIADOR.

Serán causas de baixa do mediador, ademais da voluntaria, as seguintes:

- a) A perda da condición de colexiado.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) A actuación a sabendas da existencia de incompatibilidade.
- e) O rexeitamento inxustifico da realización das tarefas encomendadas.

OITAVO. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación do convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os custos indirectos –tales como axudas de custo, viaxes ou consumibles– formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados polo Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data límite de xustificación.

NOVENO. CONTROL.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais someterase ás actuacións de comprobación que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo lle poida requirir para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como tamén ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos pagamentos realizados.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo poderá solicitar en calquera momento os documentos que coide oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, e unicamente para efectos estatísticos, o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais informará trimestralmente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo sobre os procedementos de mediación realizados polos mediadores,

comunicando o número de mediacións realizadas, o xulgado de procedencia e a duración de cada unha delas, así como o resultado final dos procedementos.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais remitiralle á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha memoria anual na que se recollan e describan todas as actuacións levadas a cabo polo mediador.

DÉCIMO. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do presente Convenio comprométense a destacar nas actividades que se realicen para a difusión das accións previstas no Convenio, a colaboración prestada polas outras partes asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRO.- COMISIÓN MIXTA DE COORDINACIÓN E SEGUIMENTO.

Segundo o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase a comisión de seguimento do convenio, á que lle corresponde velar polo cumprimento do pactado e pola boa marcha do mesmo, sen prexuízo de que no seu seo se poida tratar de calquera outro asunto vinculado co seu obxecto e relacionado coa mediación e a Administración de xustiza.

As controversias sobre a interpretación e execución do presente convenio serán resoltas de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- Un representante do CXPX.
- O titular da Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ou persoa en quen delegue.
- O Presidente do Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais, ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa da Dirección Xeral de Xustiza.

A comisión reunirse de xeito ordinario cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia; e con carácter extraordinario cando sexa necesario, tras pedimento de calquera das partes. Para tales efectos a comisión poderá requirir a presenza do mediador.

DÉCIMO SEGUNDO. VIXENCIA DO CONVENIO.

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2021; non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO TERCEIRO. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas establecidas nel, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 de dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



Rexerase, así mesmo, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, conforme o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTO. RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Será causa de resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das obrigas contraídas e/ou cláusulas establecidas nel, así como o incumprimento da normativa vixente na materia, o que facultará outra parte para a resolución do mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos derivados, pero non así as obrigas inherentes.


DÉCIMO QUINTO. OBRIGA DE CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS.

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

E en proba de conformidade con canto antecede, e para a debida constancia, asíñase o presente convenio de colaboración no lugar e data arriba indicados.

POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA
E TURISMO

POLO CONSELLO GALEGO DOS
PROCURADORES DOS TRIBUNAIS



Alfonso Rueda Valenzuela



Fernando González-Concheiro Álvarez